

IDEAS PARA HOMILÍA

9 MAIO 2021

**Eu permanezo en Deus e El permanece en min,
é unha relación de amor infinito**

1. VER: O máis importante.

- Poderíamos comezar dialogando sobre o que é máis importante na vida. Desde que somos bebés buscamos ser queridos. Aos poucos imos aprendendo a querer desinteresadamente na familia, cos amigos. E é que o máis importante na vida é amar.

Por que será importante querer e ser querido?

2. XULGAR: Xesús quere que sexamos os seus amigos amando.

- Na 1ª lectura vemos como os primeiros cristiáns **reciben o Espírito Santo** e se bautizan.
- No evanxeo Xesús dinos: **“Vós sodes os meus amigos”**. E para selo sempre nos dá un mandamento:
-

“Isto mándovos: que vos amedes uns a outros”.

QUE NOS QUERE DICIR?

- **Que Deus é Amor**, creounos por amor e para amar. Quérenos moito e leva o noso nome escrito na súa man para non esquecernos, perdóanos.

- **Xesús quiere ser o noso amigo** para que sexamos felices. Seremos felices se nos queremos uns aos outros. Un é feliz cando axuda, comparte. Somos felices se nos queremos e queremos a todos ata aos que non nos queren... E parecerémonos a Deus que é amor.
- Para cando nos cansamos **Xesús deixounos o Espírito Santo** que é a forza, a ilusión, a alegría, o amor de Deus. El fainos UN.
- **Que os que formamos a Igrexa de Xesús** temos a misión de ser testemuñas do amor de Deus creando unidade, comunión, fraternidade.

En que se nota que sodes amigos de Xesús?

3. ACTUAR: Se nos amamos seremos un

- **No debuxo de Fano** da portada vemos un neno que permanece no amor de Deus. Cústanos a permanencia nos móbiles, a fidelidade non está moi de moda.
- Permanezamos en Deus, sexámoslle fieis, incondicionais, cun amor infinito e o amaranos e estimularanos a amar os que nos rodean.
- Concreta como permanecer no amor de Deus, como mellorar o amor ao próximo.
- Comeza o mes de María. Hoxe día de enfermo. Preparamos algo.

Que imos facer na familia, comunidade e na Igrexa?

LECTURAS

FEITOS 10,25-26,34-35,44-48: *Deus non fai distincións.*

Cando ía entrar Pedro, Cornelio saíulle ao encontro e prostrándose, quíxolle iso render homenaxe. Pero Pedro levantouno dicíndolle:

- *“Levántate, que son un home coma ti”*. Pedro tomou a palabra e díxolles – *“Agora comprendo con toda verdade que Deus non fai acepción de persoas, senón que acepta o que o teme e practica a xustiza, sexa da nación que sexa”*.

Aínda estaba falando Pedro, cando **baixou o Espírito Santo** sobre todos os que escoitaban a palabra, e os fieis da circuncisión que viñeran con Pedro sorprendéronse de que o don do Espírito Santo se derramase tamén sobre os xentís, porque os oían falar en linguas estrañas e proclamar a grandeza de Deus.

Entón Pedro engadiu: -*“Pódese negar a auga do bautismo aos que recibiron o Espírito Santo igual ca nós?”*.

E mandou bautizalos no nome de Xesucristo. Entón rogáronlle que se quedase uns días con eles.

Palabra do Señor.

SALMO 97:

O Señor revela ás nacións a súa salvación.

I XOÁN 4,7-10: *Amémonos uns a outros.*

XOÁN 4,7-10: *Isto nos mando: que vos amedes uns a outros.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: - *“Como o Pai me amou, así vos ameí eu; permanecede no meu amor. Se gardades os meus mandamentos, **permanecedes** no meu amor; o mesmo que eu gardei os mandamentos de meu Pai e permanezo no seu amor. Faleivos disto para que a miña alegría estea en vós, e a vosa alegría chegue á plenitude.*

Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros como eu vos ameí. *Ninguén ten amor máis grande que o que dá a vida polos seus amigos.*

Vós sodes os meus amigos, *se facedes o que eu vos mando. Xa non vos chamo servos, porque o servo non sabe o que fai o seu señor: a vós chámovos amigos, porque todo o que oín a meu Pai déivolo a coñecer.*

Non sodes vós os que me elixistes, son eu quen vos elixín e vos destinei para que vaiades e deades froito, e o voso froito permaneza. De modo que o que pidades ao Pai no meu nome volo dea.

Isto mándovos: que vos amedes uns a outros.

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús)